

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Xustiza para que adopte as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de marzo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,  
ÁNGEL ACEBES PANIAGUA

## XEFATURA DO ESTADO

**5733** *LEI 4/2002, do 22 de marzo, sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de 4.898.547,73 euros, para o pagamento das cantidades derivadas da sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Sexta, do 20 de outubro de 1997, e de diferentes autos dictados en execución de sentenza, nos que se recoñece o dereito dos reclamantes a seren indemnizados polos danos causados pola rotura da Presa de Tous. («BOE» 71, do 23-3-2002).*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O crédito extraordinario ten por obxecto dota-los recursos necesarios para lle dar cumprimento á sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Sexta, do 20 de outubro de 1997, que estimou o recurso 455/1997, interposto polos afectados polos danos derivados da rotura da Presa de Tous (Valencia), acaecida o 20 de outubro de 1982.

A resolución da sentenza estima o recurso interposto pola representación procesual dos recorrentes, adoptando, entre outros, os seguintes pronunciamentos:

Declara a responsabilidade patrimonial directa da Administración do Estado, por funcionamento anormal do servizo público no conxunto das actuacións (esencialmente por omisión) determinantes da rotura da Presa de Tous (Valencia).

Condena a Administración do Estado a indemniza-los recorrentes que figuran na parte dispositiva da sentenza, nos danos e perdas producidos polo derrubamento da Presa de Tous que non fosen indemnizados na sentenza dictada pola Sala Segunda do Tribunal Supremo, do 15 de abril de 1997. A determinación e cuantificación líquida realizarase en trámite de execución de sentenza, mediante auto, conforme os criterios sinalados polo tribunal.

A Administración do Estado está obrigada a aboa-lo xuro legal das cantidades resultantes, desde que foron reclamadas ata o seu completo pagamento.

A mesma sala, sección e tribunal dictaron distintos autos, en trámite de execución de sentenza, nos que se fixa a cantidade concreta que debe percibir cada reclamante en concepto de indemnización, máis os xuros legais que se xerasen ata o seu completo pagamento.

Coa finalidade de atende-las obrigas derivadas do cumprimento da sentenza e autos aludidos, tramítase este crédito extraordinario de acordo co Consello de Estado, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédesse un crédito extraordinario, por importe de 4.898.547,73 euros á sección 23 «Ministerio de Medio Ambiente», servizo 05 «Dirección Xeral de Obras Hidráulicas e Calidade das Augas», programa 512A «Xestión e infraestrutura de recursos hidráulicos», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 48 «A familias e institucións sen fins de lucro», concepto 480 «Para o pagamento de indemnizacións orixinadas pola rotura da Presa de Tous, en cumprimento da sentenza do Tribunal Supremo do 20 de outubro de 1997».

Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario que se concede no artigo anterior financiarase con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Artigo 3. *Autorización para amplia-lo crédito extraordinario.*

Autorízase o ministro de Facenda a amplia-lo crédito que se concede, na cantidade necesaria para aboa-lo exceso de xuros que se produzan ata a data en que se realice o pagamento.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Palma de Mallorca, 22 de marzo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno  
en funcións,  
MARIANO RAJOY BREY

**5734** *REAL DECRETO LEI 1/2002, do 22 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para repara-los danos causados polas chuvias, temporais e outros fenómenos naturais relacionados coa citada climatoloxía adversa, acaecidos desde os últimos días do mes de setembro ata finais do mes de febreiro de 2002 nas comunidades autónomas de Andalucía, Illas Baleares, Canarias, Cataluña, Rexión de Murcia, Comunidade Valenciana e cidade de Melilla. («BOE» 71, do 23-3-2002.)*

Desde os últimos días do mes de setembro e ata finais do mes de febreiro de 2002 unha serie de fenómenos meteorolóxicos adversos, entre os que cómpre salientar especialmente a presenza de ventos borrascosos e temporais mariños acaecidos no mes de novem-

bro, deixaron senti-los seus efectos sobre determinadas rexións do noso país, producindo importantes danos nas costas, portos, infraestructuras, sector agrícola e bens de titularidade pública e privada.

A magnitude dos feitos e as súas consecuencias obrigan, desde o principio constitucional de solidariedade e por aplicación dos de equidade e igualdade de trato en relación con situacións precedentes, á actuación dos poderes públicos e á adopción, para as provincias afectadas, dun conxunto de medidas paliativas e reparadoras concordantes coas adoptadas en momentos anteriores ante ocasións semellantes, co obxecto de favorecer o restablecemento dos servizos, a reparación de danos producidos e a volta á normalidade das zonas sinistradas polos temporais.

O obxectivo, por tanto, desta norma é aprobar un catálogo de medidas que afectan a varios departamentos ministeriais e abarcan aspectos moi diferentes, pois mentres que unhas se dirixen a diminuí-las cargas tributarias, outras, como a concesión de créditos privilexiados, intentan paliar-lo impacto nas empresas e particulares afectados.

Por outra parte, as perdas de produción ocasionadas polas chuvias, temporais e outros fenómenos naturais directamente relacionados coa climatoloxía adversa, nos cultivos e territorios afectados, configuran, pola magnitude dos danos ocasionados, unha situación equiparable á de desastre natural, nos termos establecidos polas directrices comunitarias sobre axudas estatais ó sector agrario.

Se temos en conta que estas continxencias non teñen cobertura no marco do seguro agrario combinado, faise necesario arbitrar medidas paliativas adecuadas, en consonancia coa natureza e incidencia dos danos ocasionados nas producións dos territorios afectados e nas rendas dos agricultores.

Por iso, establécense nesta disposición indemnizacións de danos nas producións agrarias afectadas, exclusivamente cando estean aseguradas con pólizas en vigor do seguro agrario combinado e estes riscos non teñan cobertura na regulación vixente do dito seguro.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e dos ministros de Facenda, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Agricultura, de Pesca e Alimentación, de Presidencia, de Administracións Públicas e de Medio Ambiente e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de marzo de 2002,

## DISPONGO:

### Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas neste real decreto lei aplicaranse á reparación dos danos causados polas chuvias, temporais e outros fenómenos naturais relacionados coa citada climatoloxía adversa desde os últimos días do mes de setembro ata finais do mes de febreiro de 2002 nas comunidades autónomas de Andalucía (provincias de Xaén, Sevilla, Huelva, Málaga, Granada e Almería), Illas Baleares, Canarias, Cataluña (provincias de Xirona, Barcelona e Tarragona, Lleida), Rexión de Murcia, Comunidade Valenciana (provincias de Castellón, Valencia e Alacant) e cidade de Melilla.

Os termos municipais e núcleos de poboación afectados ós que concretamente sexan de aplicación as medidas aludidas serán determinados por orde do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior,

segundo información facilitada polas delegacións de Goberno nas respectivas comunidades autónomas.

2. Para os efectos das ditas actuacións reparadoras, entenderanse tamén incluídos aqueloutros termos municipais ou núcleos de poboación nos que, para a correcta execución das obras necesarias, sexan imprescindibles as actuacións dos departamentos ministeriais competentes.

### Artigo 2. *Danos en infraestructuras municipais e rede viaria das deputacións provinciais, cabidos e Consellos insulares.*

Ós proxectos que executen as entidades locais nos termos municipais ou núcleos de poboación ós que se fai referencia no artigo anterior, relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestructuras, equipamentos ou instalacións e servizos recollidos no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e á rede viaria das deputacións provinciais, así como dos cabidos e consellos insulares, aplicaráselle-lo trámite de urxencia, e o Estado pódelle conceder unha subvención de ata o 50 por 100 do seu custo.

### Artigo 3. *Danos nas restantes infraestructuras públicas.*

Facúltanse os titulares dos departamentos ministeriais competentes por razón da materia para declarar zona de actuación especial as áreas afectadas, co obxecto de que os ditos departamentos, os seus organismos autónomos e entidades públicas dependentes deles poidan levar a cabo as restauracións que procedan.

Para os efectos indicados, decláranse de emerxencia as obras que van executar tales departamentos para reparalos danos causados en infraestructuras de titularidade estatal comprendidas no seu ámbito de competencias.

### Artigo 4. *Indemnización de danos en producións agrarias.*

Serán obxecto de indemnización os danos ocorridos nas explotacións agrarias que, tendo aseguradas as súas colleitas, sufrisen perdas nelas por danos nas súas producións, non cubertos polas liñas de seguros agrarios incluídas no Plan de seguros agrarios combinados para o exercicio 2001.

As ditas indemnizacións irán destinadas ós titulares daquelas explotacións que, estando situadas no ámbito sinalado no artigo 1, sufrisen perdas superiores ó 20 ou ó 30 por 100 da colleita asegurada, segundo se trate ou non de zona desfavorecida, conforme os criterios establecidos pola Unión Europea a este respecto.

### Artigo 5. *Beneficios fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmoables de natureza rústica correspondentes ó exercicio 2002 que afecten a explotacións agrarias situadas nos municipios que determine a orde ministerial para dictar en desenvolvemento do artigo 1, nas que se producisen estragos en colleitas, gandos ou bens, que constitúan sinistros non cubertos por ningunha fórmula de aseguramento público ou privado.

2. Igualmente, e para o mesmo exercicio económico, concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmoables de natureza urbana que afecten a vivendas, establecementos industriais e mercantís, locais de traballo e similares, danados como consecuencia directa dos temporais de chuvia e vento, cando se acredite que tanto as persoas coma os bens neles instalados tivesen

que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos.

3. Concédese unha redución no imposto sobre actividades económicas para o exercicio 2002 ás industrias, establecementos mercantís e profesionais cuns locais de negocios ou bens afectados a esa actividade que fosen danados como consecuencia directa dos temporais mencionados, sempre que se acredite que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ó peche da actividade. A indicada redución será proporcional ó tempo transcorrido desde o día en que se producise o cesamento da actividade ata o seu reinicio en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais ou noutros habilitados para o efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a iso, o suposto de cesamento no seu exercicio, que producirá os seus efectos desde o día 31 de decembro de 2001.

4. As exencións e reducións de cotas nos tributos sinalados nos números anteriores comprenderán tamén a das recargas legalmente autorizadas sobre eles.

5. Os contribuíntes que, tendo dereito ós beneficios establecidos nos números anteriores, satisfixesen os recibos correspondentes ó dito exercicio fiscal, poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas.

6. A diminución de ingresos que as normas deste artigo produzan nos concellos, deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares será compensada mediante a imputación específica do seu importe con cargo ós recursos derivados do artigo 75 da Lei 23/2001, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2002.

#### Artigo 6. *Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.*

Para as explotacións e actividades agrarias, realizadas nas zonas que determine a orde que se dicte en desenvolvemento do artigo 1 deste real decreto lei, e conforme as previsións contidas no artigo 35, punto 4.1 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, o Ministerio de Facenda, á vista do informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto ós que se refire a Orde do 29 de novembro de 2000, que desenvolve para o ano 2001 o réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido.

#### Artigo 7. *Medidas laborais.*

1. Os expedientes de regulación de emprego que teñan a súa causa nos danos producidos polas chuvias, temporais e outros fenómenos naturais relacionados coa citada climatoloxía adversa, ós que se fai mención no artigo 1, terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que se derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo. A autoridade laboral poderá exonerar-lo empresario do aboamento das cotas á Seguridade Social no primeiro suposto mentres dure o período de suspensión, manténdose a condición do dito período como efectivamente cotizado polo traballador. Nos casos en que se produza extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores serán por conta do Fondo de Garantía Salarial, cos límites legalmente establecidos.

Nos expedientes en que se resolva favorablemente a suspensión de contratos ou a redución temporal da

xornada de traballo, con base en circunstancias excepcionais, a autoridade laboral poderá autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que traian a súa causa inmediata nas chuvias, temporais e outros fenómenos naturais relacionados coa citada climatoloxía adversa, non se compute para efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, poderá autorizar que perciban prestacións por desemprego aqueles traballadores incluídos nos ditos expedientes que carezan dos períodos de cotización necesarios para teren dereito a elas.

2. Os traballadores por conta propia incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social e os titulares de explotacións agrarias incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, poderán solicitar e obter, logo de xustificación dos danos sufridos, unha bonificación do 50 por 100 das cotizacións á Seguridade Social correspondentes ós meses de outubro e novembro de 2001, ambos inclusive, e unha moratoria dun ano sen xuro no pagamento das cotizacións, incluídas, se é o caso, as de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e as de incapacidade temporal, correspondentes ós meses de outubro de 2001 a marzo de 2002, ambos inclusive, con dereito a devolución, se é o caso, das xa ingresadas.

Así mesmo, e por iguais períodos, concédese unha bonificación do 50 por 100 das cotizacións por xornadas reais, así como unha moratoria dun ano sen xuro no pagamento das cotas empresariais do réxime especial agrario da Seguridade Social, con dereito a devolución, se é o caso, das xa ingresadas.

As solicitudes de bonificación e moratoria de cotas a que se refiren os parágrafos anteriores deste número deberán presentar dentro dos tres meses seguintes ó da publicación da Orde ministerial que dicte ó respecto o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para a execución do establecido nel.

3. Para a realización das obras de reparación dos servizos públicos, as administracións públicas e entidades sen ánimo de lucro poderán solicitar do Instituto Nacional de Emprego a adscrición de traballadores perceptores das prestacións por desemprego para traballos de colaboración social, de acordo co disposto no artigo 213.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

#### Artigo 8. *Réxime de contratación.*

1. Para os efectos previstos no artigo 72 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, terán a consideración de obras, servizos, adquisicións ou subministracións de emerxencia os de reparación ou mantemento do servizo de infraestruturas e equipamentos, así como as obras de reposición de bens prexudicados pola catástrofe, calquera que sexa a súa contía.

2. Para eses mesmos efectos, inclúense, en todo caso, entre as infraestruturas, as portuarias, as agrarias de uso común, estradas, costas, ou dominio público marítimo-terrestre e calquera outros bens de titularidade estatal que resultasen afectados polos temporais de chuvia e vento.

3. Declárase urxente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire este artigo, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

4. Na tramitación dos expedientes de contratación non incluídos no artigo 129.2 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade dos terreos, sen prexuízo de que a súa ocupación efectiva deba ir precedida da formalización da acta de ocupación.

#### Artigo 9. *Axudas de emerxencia.*

As axudas de emerxencia e de carácter inmediato para paliar os danos causados polos temporais de chuva e vento aludidos rexeranse polo establecido na Orde do Ministerio do Interior do 18 de marzo de 1993, parcialmente modificada pola do 30 de xullo de 1996, sobre procedemento de concesión de axudas a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia, catástrofes e calamidades públicas.

As axudas a familias e unidades de convivencia económica por danos persoais e materiais nas súas vivendas e/ou pertenzas de primeira necesidade, serán complementarias respecto ás que, con igual obxecto e por igual causa, lles poidan ser concedidos ós beneficiarios polas administracións autonómicas ou locais con cargo ós seus respectivos orzamentos, ou correspondesen en virtude da existencia de pólizas de aseguramento.

#### Artigo 10. *Liñas preferenciais de crédito.*

Instrúese ó Instituto de Crédito Oficial (ICO), na súa condición de Axencia Financeira do Estado, para instrumentar unha liña de préstamos por importe de 18.030.000,00 euros, que poderá ser ampliada polo Ministerio de Economía en función da avaliación dos danos e da demanda conseguinte, utilizando a mediación das entidades financeiras con implantación nas comunidades autónomas afectadas, subscribindo con elas os oportunos convenios de colaboración.

Estas liñas de préstamo, que terán como finalidade financiar a reparación ou reposición de instalacións industriais e mercantís, vehículos comerciais, explotacións agrarias e gandeiras, e locais de traballo de profesionais que se visen danados como consecuencia dos fenómenos atmosféricos mencionados, materializaranse en operacións de préstamo concedidas polas ditas entidades financeiras; as súas características serán:

a) Importe máximo: o do dano avaliado pola delegación ou subdelegación de Goberno da provincia correspondente ou, se é o caso, e logo de convenio suscrito para o efecto, polo Consorcio de Compensación de Seguros, descontado, se é o caso, o importe do crédito que puidese subscribir con cargo a liñas de crédito preferenciais que se van establecer por iniciativa das comunidades autónomas respectivas.

b) Prazo: o establecido entre as partes, co límite de cinco anos, incluído un de carencia.

c) Xuro: o tipo de cesión polo ICO ás entidades financeiras será do 3 por 100 TAE, cunha marxe máxima de intermediación para elas do 0,75 por 100. En consecuencia, o tipo final máximo para o prestameiro será do 3,75 por 100 TAE.

d) Tramitación: as solicitudes serán presentadas na entidade financeira mediadora, quen decidirá sobre a concesión do préstamo, e o risco da operación será pola súa conta.

e) Vixencia da liña: o prazo para a disposición de fondos terminará o 31 de decembro de 2002.

A instrumentación da liña de préstamos a que se refire este artigo levarase a cabo polo Instituto de Crédito Oficial no exercicio das funcións a que se refire a disposición adicional sexta.dous.2, alínea a), do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, de medidas urxentes

en materia orzamentaria, tributaria e financeira, e, na súa virtude, o quebranto que para o ICO supoña o diferencial entre o custo de mercado da obtención dos recursos e o tipo antes citado do 3 por 100 serán cubertos con cargo ós orzamentos xerais do Estado.

#### Artigo 11. *Cooperación coas administracións locais.*

Facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para propoñer-lo pagamento das subvencións a que se refire o artigo 2, ata un importe de 4,5 millóns de euros, con cargo ó crédito que para estes efectos se habilite, co carácter de incorporable, nos orzamentos do dito departamento.

De igual modo, facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para establece-lo procedemento para a concesión das mencionadas subvencións, así como o seu seguimento e control, no marco da cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais.

#### Artigo 12. *Convenios con outras administracións públicas.*

A Administración xeral do Estado poderá celebrar cos gobernos das comunidades autónomas ás que resulte de aplicación este real decreto lei os convenios de colaboración que esixa a súa aplicación.

#### Disposición adicional primeira. *Competencias das comunidades autónomas.*

Este real decreto lei díctase ó amparo da competencia atribuída ó Estado polo artigo 149.1.1.<sup>a</sup> da Constitución, sen prexuízo das competencias que lles corresponden ás comunidades autónomas afectadas, ó amparo dos seus respectivos estatutos de autonomía.

#### Disposición adicional segunda. *Límite das axudas.*

O valor das axudas concedidas en aplicación deste real decreto lei, no que a danos materiais se refire, non poderá superar en ningún caso a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, polos mesmos conceptos, puidesen ser concedidas por outras administracións, organismos públicos, nacionais ou internacionais, por calquera entidade financiada por fondos públicos ou privados, ou que correspondan en virtude de pólizas de seguro.

#### Disposición adicional terceira. *Créditos orzamentarios.*

O Ministerio de Facenda, de conformidade co disposto no texto refundido da Lei xeral orzamentaria, habilitará os créditos necesarios para atender-lo custo das medidas que se recollen no artigo 11 deste real decreto lei.

#### Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Os titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, dictarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 22 de marzo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno  
en funcións,  
MARIANO RAJOY BREY

**5852** *LEI ORGÁNICA 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.* («BOE» 73, do 26-3-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

### I

O dereito fundamental de asociación, recoñecido no artigo 22 da Constitución, e de antiga tradición no noso constitucionalismo, constitúe un fenómeno sociolóxico e político, como tendencia natural das persoas e como instrumento de participación, respecto ó cal os poderes públicos non poden permanecer á marxe.

A nosa Constitución non é allea a estas ideas e, partindo do principio de liberdade asociativa, contén normas relativas a asociacións de relevancia constitucional, como os partidos políticos (artigo 6), os sindicatos (artigos 7 e 28), as confesións relixiosas (artigo 16), as asociacións de consumidores e usuarios (artigo 51) e as organizacións profesionais (artigo 52), e dunha forma xeral define, no seu artigo 22, os principios comúns a tódalas asociacións, eliminando o sistema de control preventivo, contido na Lei 191/1964, do 24 de decembro, de asociacións, e posibilitando o seu exercicio.

Consecuentemente, a necesidade ineludible de abordar o desenvolvemento do artigo 22 da Constitución, mediante lei orgánica ó tratarse do exercicio dun dereito fundamental (artigo 81), implica que o réxime xeral do dereito de asociación sexa compatible coas modalidades específicas reguladas en leis especiais e nas normas que as desenvolvan, para os partidos políticos, os sindicatos, as asociacións empresariais, as confesións relixiosas, as asociacións deportivas, e as asociacións profesionais de xuíces, maxistrados e fiscais. Con este obxectivo establécese un réxime mínimo e común, que é, ademais, o réxime ó que se axustarán as asociacións non recollidas na lexislación especial.

Optouse por incluír en único texto normativo a regulación íntegra e global de todos estes aspectos relacionados co dereito de asociación ou co seu libre exercicio, fronte á posibilidade de distinguir, en respectivos textos legais, os aspectos que constitúen o núcleo esencial do contido deste dereito —e, por tanto, regulables mediante lei orgánica— daqueles outros que, por non teren ese carácter, non requiren tal instrumento normativo.

Esa división resultaría dificilmente viable polas seguintes razóns: en primeiro lugar, no texto actual entrelázanse, ás veces como diferentes puntos dun mesmo artigo, preceptos de natureza orgánica e ordinaria, polo cal

a súa separación tería conducido a unha perda de calidade técnica da norma e a unha maior dificultade na súa comprensión, aplicación e interpretación; e segundo, agrupando nun único texto —sempre diferenciando en función da natureza orgánica ou non— o código básico que regula o dereito de asociación, favorécese o seu coñecemento e manexo por parte dos cidadáns, que teñen unha percepción do dereito de asociación basicamente unitaria en canto á súa normativa reguladora, polo menos no ámbito estatal.

É innegable, tamén, e así o recorda o Comité Económico e Social da Unión Europea no seu Dictame do 28 de xaneiro de 1998, a importancia que teñen as asociacións para a conservación da democracia. As asociacións permítenlles ós individuos recoñecerse nas súas conviccións, perseguir activamente os seus ideais, cumprir tarefas útiles, encontra-lo seu posto na sociedade, facerse oír, exercer algunha influencia e provocar cambios. Ó organizárense, os cidadáns dótanse de medios máis eficaces para lles facer chega-la súa opinión sobre os diferentes problemas da sociedade ós que toman as decisións políticas. Fortalece-las estruturas democráticas na sociedade reverte no fortalecemento de tódalas institucións democráticas e contribúe á preservación da diversidade cultural.

Neste sentido, o lexislador debe ser especialmente consciente, ó regula-lo dereito de asociación, do mandato contido no artigo 9.2 da Constitución, que deriva directamente da configuración do noso Estado como social e democrático de dereito. É neste marco lexislativo onde a tarefa asignada ós poderes públicos de facilita-la participación dos cidadáns en tódolos ámbitos sociais está chamada a encontra-la súa principal expresión. Esta filosofía impregna toda a norma, xa que un dos instrumentos decisivos para que a participación sexa real e efectiva é a existencia dun asociacionismo vigoroso. Isto debe facerse compatible co respecto á liberdade asociativa e coa non inxerencia no seu funcionamento interno, para que baixo o pretexto do fomento non se amparen formas de intervencionismo contrarias á nosa norma suprema.

### II

Esta lei orgánica, seguindo a nosa tradición xurídica, limita o seu ámbito ás asociacións sen fin de lucro, o que permite deixar fóra do seu ámbito de aplicación as sociedades civís, mercantís, industriais e laborais, as cooperativas e mutualidades, e as comunidades de bens ou de propietarios, con finalidades e natureza que non responden á esencia comunmente aceptada das asociacións, sen prexuízo de recoñecer que o artigo 22 da Constitución pode proxectar, tanxencialmente, o seu ámbito protector cando neste tipo de entidades se recollan dereitos que non teñan carácter patrimonial.

Tampouco poden incluírse as corporacións chamadas a exercer, por mandato legal, determinadas funcións públicas, cando as desenvolven.

Por outro lado, a ilicitude penal das asociacións, a definición das cales corresponde á lexislación penal, constitúe o límite infranqueable de protección do dereito de asociación.

### III

O dereito de asociación proxecta a súa protección desde unha dobre perspectiva; por un lado, como dereito das persoas no ámbito da vida social e, por outro lado, como capacidade das propias asociacións para o seu funcionamento.

A lei, ó longo do seu articulado e sistematicamente situadas, expresaamente desenvolve as dúas facetas.